



DEREITOS DE INFANCIA

NOTA DE PRENSA

EMBARGADA ATA O 4 DE MAIO ÁS 10:00 H

Eleccións municipais: move a túa ficha pola infancia

Nun ano marcado polas citas electorais, UNICEF España pide á cidadanía que teña en conta á infancia á hora de votar

Material audiovisual:

[AQUÍ](#) o vídeo principal da campaña.

As propostas presentadas aos partidos políticos, xunto co resto dos materiais, están dispoñibles na web: www.unicef.es/move-a-tua-ficha

MADRID/SANTIAGO DE COMPOSTELA, a 4 de maio de 2023- Cando só faltan uns días para que se celebren eleccións municipais en Galicia, e en comunidades e municipios de toda España, UNICEF España lanza a campaña #MoveaTúaFicha, cuxo obxectivo é que a cidadanía teña en conta aos nenos e nenas á hora de emitir o seu voto.

A campaña consta dunha peza de vídeo sobre un xogo de mesa simbólico, a través do cal se mostra como as decisións dos votantes afectan a millóns de nenos e nenas que, con todo, non poden participar nas eleccións ao non ter idade suficiente para votar. Así, segundo as opcións que escollan os xogadores vese como se pode elixir entre investir en educación de calidade, investir en psicólogos infantís, garantir vivendas alcanzables para familias, entre outras opcións, ou ben mirar cara a outro lado. Se se vota pensando nestas cuestións, poderanse cambiar as condicións para a infancia nestas eleccións.

Previamente a esta campaña, UNICEF España reuniuse e enviou as súas propostas para a infancia, co fin de que se inclúan nos programas electorais, aos partidos políticos con representación parlamentaria, aos municipios que ostentan o recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia así como a outros partidos e plataformas locais. O obxectivo da organización é, por unha banda, conseguir que os programas electorais dos partidos políticos teñan en conta á infancia para que as futuras políticas públicas prioricen os dereitos dos nenos e as nenas, así como os temas que lles preocupan e afectan. E, por outro, que os cidadáns e cidadás que exercerán o seu dereito ao voto defendan tamén os dereitos e demandas dos que non poden votar. Loitar contra a pobreza infantil, protexer aos nenos e nenas fronte á violencia, coidar a súa saúde mental, garantir para todos e todas unha educación inclusiva e de calidade, promover os dereitos da infancia tamén no ámbito dixital ou asegurar que vivan en contornas limpas e saudables son algúns dos aspectos que se poden ter en conta á hora de votar en nome dos nenos e nenas do noso país.

#MoveaTúaFicha pola infancia de Galicia



DEREITOS DE INFANCIA

En Galicia, onde a poboación infantil constitúe o 14,06% do total, UNICEF Comité Galicia lembra a importancia de continuar incorporando a participación infantil e adolescente na elaboración, seguimento e avaliación das políticas locais de infancia e adolescencia, impulsando a creación de órganos estables sostibles; combater a pobreza infantil desde o ámbito local cun enfoque preventivo e universal no deseño das prestacións e servizos sociais; ou deseñar políticas de reforzo educativo desde o local que garantan o acceso equitativo e efectivo a unha educación de calidade a través de bolsas e programas de apoio, sen esquecer incorporar as medidas necesarias que lles permitan gozar de todos os dereitos na contorna dixital.

O vídeo principal da campaña, así como as propostas presentadas aos partidos políticos, xunto co resto dos materiais, están dispoñibles na web:

<https://www.unicef.es/mueve-tu-ficha>

//

www.unicef.es/move-a-tua-ficha

As propostas podes atopalas tamén neste código QR:



Acerca de UNICEF

UNICEF traballa nalgúns dos lugares máis difíciles para chegar aos nenos e nenas máis desfavorecidos do mundo. En 190 países e territorios, traballamos para cada neno, en todas partes, cada día, para construír un mundo mellor para todos.

Para facerte socio, entra en www.unicef.es/hazte-socio ou chama ao 900 907 500

Para máis información:

Do 4 ao 7 de maio:

Irene Marín

UNICEF Comité Galicia, Tel: 660 920 679

E-mail: imarin@unicef.es

Do 8 ao 10 de maio:

Marta Andrade

UNICEF Comité Galicia, Tel: 685 12 22 92

E-mail: mandrade@unicef.es

Para recursos audiovisuais, subscríbete á canle de Telegram *UNICEF España Multimedia*/ Máis información e recursos, na nosa sala de prensa www.unicef.es/prensa

www.unicef.es

Síguenos en [Facebook](#) [Twitter](#) [Youtube](#) [Instagram](#) [Linkedin](#)